

I ENCONTRO DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DESDE OS DEPARTAMENTOS DE ORIENTACIÓN E O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO

**ENCONTRO ENTRE ORIENTADORAS E
ORIENTADORES E O EQUIPO DE ORIENTACIÓN
ESPECÍFICO**

**O decreto 229/2011, do 7 de
decembro, e o seu contexto**

**A Coruña, 21 de marzo de 2012
Manolo Rei**

ENCONTRO ENTRE ORIENTADORAS E ORIENTADORES E O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO. 21-03-2012

O DECRETO 229/2011, DO 7 DE DECEMBRO, E O SEU CONTEXTO

- 1. ¿Por que o decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, de 3 de maio, de educación?**
- 2. O plan xeral de atención á diversidade (PXAD).**
- 3. O percorrido do decreto.**

ENCONTRO ENTRE ORIENTADORAS E ORIENTADORES E O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO. 21-03-2012

1. ¿Por que o decreto 229/2011?

1

Porque era necesario acuñar o **concepto diversidade:**

- Cada unha das alumnas e dos alumnos.
- Cada centro.
- Cada comunidade educativa.

Porque era conveniente recordar o **concepto de atención educativa á diversidade:**

- Distintas potencialidades.
- Distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Distintas motivacións e intereses.
- Distintas situacións sociais e culturais.

ENCONTRO ENTRE ORIENTADORAS E ORIENTADORES E O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO. 21-03-2012

1. ¿Por que o decreto 229/2011?

2

Porque segue a ser necesaria a **insistencia na inclusión educativa**, da que se benefician todas e todos, e na escolarización do alumnado, para o que:

a) Existe unha decidida aposta pola escolarización nos **centros ordinarios**, que *"constitúen o **referente básico** para os efectos da escolarización"* (art. 17.1 decreto 229/2011).

b) Redúcese ou fíltrase" moito o alumnado que pode ou debe asistir ás **unidades** de educación especial (dentro dos centros ordinarios) ou aos **centros de educación especial**, pois só se escolarizará aí alumnado con necesidades educativas especiais e cando se entenda *"como o **recurso máis adecuado** para atender as necesidades educativas especiais de determinado alumnado"* -art. 19.1 decreto 229/2011- ou cando ese alumnado *"precisa da utilización de recursos moi **específicos ou excepcionais** que non poden facilitarse dentro das medidas de atención á diversidade dos centros educativos ordinarios"* -art. 20.1 decreto 229/2011

ENCONTRO ENTRE ORIENTADORAS E ORIENTADORES E O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO. 21-03-2012

1. ¿Por que o decreto 229/2011?

3

Porque hai que promover a **permanencia no sistema educativo** daquel alumnado con frecuentes ausencias ao centro ou que abandona o sistema ao rematar a idade de escolarización obrigatoria, para o que:

- a) Hai que loitar contra o **absentismo** escolar e contra o **abandono** escolar temperán.
- b) Enténdese necesario un **plan autonómico de promoción da escolarización e prevención do absentismo e do abandono escolar temperán**, en coordinación cos servizos educativos, sociais, de saúde, de emprego, etc.

ENCONTRO ENTRE ORIENTADORAS E ORIENTADORES E O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO. 21-03-2012

1. ¿Por que o decreto 229/2011?

4

Porque hai que buscar **respostas actuais a situacións actuais**. De aí a consideración das situacións derivadas de:

- a) Estado de saúde (educación hospitalaria e domiciliaria).
- b) Decisións xudiciais (protección e tutela).
- c) Violencia de xénero e do acoso.
- d) Itinerancia das familias.
- e) Presenza inmigrante.
- f) Mozas embarazadas e, de ser o caso, as súas parellas.

ENCONTRO ENTRE ORIENTADORAS E ORIENTADORES E O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO. 21-03-2012

1. ¿Por que o decreto 229/2011?

5

Porque hai que insistir en que as auténticas melloras, os cambios “finos”, sitúanse na **actuación de cada centro educativo**, polo que:

a) É necesario que os centros reflexionen e tomen decisións sobre o que van facer e como o van facer, conformando **plans ou proxectos**, enmarcados no PEC.

b) Unha das grandes novidades do decreto 229/2011 é a forma na que cada centro debe articular a atención á diversidade, o que debe conformar o seu **plan xeral de atención á diversidade** (PXAD).

ENCONTRO ENTRE ORIENTADORAS E ORIENTADORES E O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO. 21-03-2012

1. ¿Por que o decreto 229/2011?

6

Porque era necesaria unha **ordenación e sistematización** das accións e medidas educativas destinadas a atender a diversidade do alumnado, polo que:

a) Identifícanse as **medidas** educativas **ordinarias** como os mellores “programas proactivos”.

b) Restrínxense as **medidas extraordinarias** ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo, polo que este alumnado debe estar valorado polos servizos de orientación e debe contar coas medidas que permitan o seu desenvolvemento e acceso ao currículo.

ENCONTRO ENTRE ORIENTADORAS E ORIENTADORES E O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO. 21-03-2012

1. ¿Por que o decreto 229/2011?

7

Porque era necesario reafirmar a importancia da **participación das familias** na educación e formación dos seus fillos e fillas, para o que:

- a) Os centros deben promover a participación e implicación das familias, concretándoa no PXAD.
- b) Recoñécese o dereito da familia a obter **copia** dos **informes** psicopedagóxicos.

ENCONTRO ENTRE ORIENTADORAS E ORIENTADORES E O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO. 21-03-2012

1. ¿Por que o decreto 229/2011?

8

Porque hai que mellorar a coordinación e **abrir os centros** á comunidade, insistindo na colaboración entre todos os sectores implicados na educación, para o que:

- a) Os centros deben establecer e concretar no PXAD os mecanismos de **coordinación e colaboración** internos e con outros centros, así como as canles de colaboración con outros servizos externos.
- b) A Consellería de Cultura e Educación deberá promover a **colaboración con entidades, asociacións**, etc. sen ánimo de lucro que traballan a prol da atención á diversidade.

ENCONTRO ENTRE ORIENTADORAS E ORIENTADORES E O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO. 21-03-2012

1. ¿Por que o decreto 229/2011?

9

Porque era necesaria unha **clarificación terminolóxica** do alumnado con necesidade específica de apoio educativo e das actuacións a practicar, polo que:

- a) Identifícase ao alumnado con necesidade específica de apoio educativo (ANEAE), usando a **terminoloxía LOE**.
- b) Resáltase a importancia da identificación temperá das necesidades, da avaliación inicial, da avaliación psicopedagóxica, da información á familia e do asesoramento dos servizos de orientación.
- c) Concrétanse as situacións e os procedementos para a realización do **ditame de escolarización**.
- d) Axústanse as **flexibilizacións**, para posibilitar a permanencia no sistema educativo.

ENCONTRO ENTRE ORIENTADORAS E ORIENTADORES E O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO. 21-03-2012

1. ¿Por que o decreto 229/2011?

10

Porque era necesario un **compromiso da administración** educativa coa dotación de recursos, de aí o compromiso:

- a) Coa dotación do equipamento específico e servizos complementarios adaptados.
- b) Coa dotación de profesionais especializados.

ENCONTRO ENTRE ORIENTADORAS E ORIENTADORES E O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO. 21-03-2012

1. ¿Por que o decreto 229/2011?

11

Porque segue a entenderse necesario **mellorar a formación continua** e a calidade educativa, para o que:

- a) A atención á diversidade debe contemplarse nos plans de formación do profesorado.
- b) Establécense os ámbitos de investigación e innovación na atención á diversidade (convivencia, metodoloxías innovadoras, prácticas inclusivas e **orientación académica e profesional**. Art. 44.


Porque había que insistir na importancia do seguimento e da **avaliación como procesos de mellora**, de aí:

A obriga de realizar a **avaliación** de todos os proxectos, plans, programas, etc. na busca permanente da mellora, dos axustes e do éxito individual e colectivo.

ENCONTRO ENTRE ORIENTADORAS E ORIENTADORES E O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO. 21-03-2012

1. ¿Por que o decreto 229/2011?

12



En síntese:

Porque o traballo educativo resulta moito máis exitoso cando se incrementa a zona de **intersección**.

ENCONTRO ENTRE ORIENTADORAS E ORIENTADORES E O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO. 21-03-2012

2. O plan xeral de atención á diversidade (PXAD). 1

Documento no que se concretan todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que **o centro diseña e desenvolve** para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

Aposta decidida polos **departamentos de orientación**, pois serán eles os que deban elaborar as propostas dese plan, baixo as directrices da CCP.

Apróbaos o CE, por proposta do claustro, e **forma parte do PEC**.

ENCONTRO ENTRE ORIENTADORAS E ORIENTADORES E O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO. 21-03-2012

2. O plan xeral de atención á diversidade (PXAD). 2

O equipo directivo debe velar polo desenvolvemento, seguimento e avaliación.

Cada curso debe elaborarse a **concreción anual**, que forma parte da PXA.

O PXAD supón unha gran oportunidade para potenciar as **medidas preventivas**, froito da detección e atención temperá das dificultades que poida presentar calquera alumna ou alumno.

ENCONTRO ENTRE ORIENTADORAS E ORIENTADORES E O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO. 21-03-2012

2. O plan xeral de atención á diversidade (PXAD). 3

Cando menos, o PXAD debe incluír:

- Xustificación baseada no contexto.
- Identificación e valoración das necesidades.
- Determinación dos obxectivos.
- Descrición das actuacións, medidas e/ou programas para a atención á diversidade.
- Determinación dos criterios para a organización e distribución dos recursos e a aplicación das medidas propostas.
- Concreción das actuacións dos distintos profesionais en relación ás medidas deseñadas para o centro.
- Mecanismos de coordinación e colaboración internos así como con outras etapas educativas e cos centros adscritos ou de adscrición.
- Canles de colaboración coas nais, pais ou titores e titoras legais do alumnado e cos diferentes servizos externos ao centro.
- Protocolos para a solicitude e/ou autorización das medidas extraordinarias.
- Procesos de seguimento, avaliación e mellora do plan.

ENCONTRO ENTRE ORIENTADORAS E ORIENTADORES E O EQUIPO DE ORIENTACIÓN ESPECÍFICO. 21-03-2012

3. O percorrido do decreto.

O **primeiro borrador** estivo rematado o **31-01-2011**. Desde aí ata o 7 de decembro todo foron “**filtros**”, dos que destacan:

- **Asociacións:** 25-04-2011.
- **Mesa sectorial:** 05-05-2011.
- **CEG:** 15-06-2011.
- **Servizo Técnico Xurídico:** 05-07-2011.
- **Asesoría Xurídica Xeral:** 12-09-2011.
- **Consello Consultivo:** 17-11-2011.

O **expediente** do decreto confórmano **41 documentos** e o texto definitivo (publicado) estimou todas as observacións do CCG, pero tamén tivo unha boa acollida na mesa sectorial e nos demais organismos polos que pasou.